



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

### - CASA CONSISTORIAL, XOVES 29 DE NOVEMBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

#### **PRESIDE:**

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

#### **ASISTEN:**

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

#### **AUSENCIAS:**

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

#### **SECRETARIA / INTERVENTORA:**

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### **ORDE DO DÍA**

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 25 de outubro de 2018 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as. Pola secretaria sinala que existe un erro aritmético no punto 4 da orde do día da acta de 27/09/2018 onde consta 5,00 euros debe constar 50,00 euros

#### **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

##### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

##### **2.1.1.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PAGAMENTO FINAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO "MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS EN BOIMORTO: CAPELA DE SAN BRAIS E ABAIUCA"; INCLUÍDA NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018**

Pola secretaria dáse conta da notificación de resolución recibida a través de notifica da Xunta de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 2559 en data 30/10/2018, ditada polo director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, na que resolve que se pague ao Concello de Boimorto o importe de NOVE MIL OTOCENTOS ONCE euros con CINCUENTA céntimos (9.811,50 €), en concepto de PAGAMENTO FINAL da subvención concedida para o proxecto "Mellora e mantemento de camiños en Boimorto: Capela de San Brais e Abaiuca"

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### **2.1.2.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PRÓRROGA PLAN MARCO 2018/2019 DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.**

Pola secretaria dáse conta da notificación de resolución recibida a través de notifica da Xunta de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 2656 en data 13/11/2018, ditada polo director xeral de Agader, na que se acorda prorrogar, para o Concello de Boimorto, ata o 5 de decembro de 2018, o prazo de xustificación previsto e referido á anualidade do 2018.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.3.- CONTESTACIÓN Á CONSULTA FORMULADA POR ESTE CONCELLO EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA TRAMITADO POLA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POLAS OBRAS PROMOVIDAS POR MERCEDES BRAVO PAZ**

Pola secretaria dáse conta do informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, de data 19 de outubro de 2018, con rexistro de entrada no concello co número 2524 en data 26 de outubro de 2018, en contestación á consulta formulada por este concello en relación co expediente de reposición da legalidade urbanística tramitado pola Axencia, das obras promovidas por Mercedes Bravo Paz executadas em solo rústico, sen autorización urbanística autonómica, no lugar de Santarandel, parroquia de Arceo e que en conclusión non se considera viable o proxecto de demolición parcial de vivenda e legalización de edificación destinada a galpón para apeiros e útiles de labranza presentado por Mercedes Bravo Paz coa solicitude de licenza con entrada no rexistro xeral do concello o 19.01.2018.

Aos efectos de dar cumprimento do ordenado na resolución do expediente COR/1657/2016-RP1, deberase proceder á demolición total da edificación con tipoloxía de vivenda e das dúas edificacións auxiliares ao dito uso sitas na parcela catastral 20100 do polígono 507, no lugar de Santarandel, parroquia de Arceo.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que se consulte á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística si ten que ser o concello quen orde a demolición.

### **2.1.4.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática remitida pola Consellería de Política Social, con rexistro de entrada no concello co número 2513 en data 26/10/2018, na que se resolve a concesión de axuda de 35.000 euros para o PAI coa seguinte desagregación:

- a) Obras menores para adecuación e mellora das infraestruturas: por importe de 20.000 €
- b) Adquisición e mellora do equipamento preciso para o desenvolvemento da actividade, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e de xogo: por importe de 15.000 €

A xustificación da subvención presentarase con data límite do 5 de decembro.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### **2.1.5.- CERTIFICADO DA XEFATURA TERRITORIAL DE POLÍTICA SOCIAL DA CANTIDADE QUE SE LIQUIDARÁ E TRANSFERIRÁ AO CONCELLO DE BOIMORTO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA), CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018**

Pola secretaria dáse conta do certificado remitido da Xefatura territorial da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada número 2525 en data 26/10/2018, da cantidade que se liquidará e transferirá a este concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia), correspondente ao 3º trimestre de 2018, segundo o seguinte desglose:

Mes de xullo: 10.117,89 €

Mes de agosto: 10.121,76 €

Mes de setembro: 10.663,50 €

Total nómina neta 3º trimestre: 30.903,15 €

Total devengado: 30.903,15 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.6.- DACIÓN FORMALIZACIÓN DO DOCUMENTO ADMINISTRATIVO DE CESIÓN GRATUÍTA POR AGADER DA PARCELA 362 DO POLIGONO 3**

Pola secretaria dáse conta da documentación administrativa da formalización do documento administrativo de cesión gratuítas de bens inmoables deste concello enviada polo secretario xeral de Agader, rexistro de entrada no concello co número 2682 en data 20/11/2018, parcela 362 do polígono 3 da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Arceo, cunha extensión superficial de unha hectárea, cincuenta e seis áreas e oitenta centiáreas. O inmoable terá carácter demanial co uso de campo de fútbol.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que se rexistre no Rexistro da Propiedade.

### **2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO MANTENIMENTO PERSOAL TÉCNICO EN ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL ANO 2017**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 2637 en data 12/11/2018, na que se aproba o pagamento do 50% da subvención correspondente ao mantemento persoal técnico en animación sociocultural ano 2017 por importe de 4.500,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE CONCEDE DE OFICIO UNHA PRÓRROGA DO PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE TODOS OS INVESTIMENTOS PENDENTES DE ADXUDICAR INCLUÍDOS NA 1ª E 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2017 (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS).**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 2639 en data 12/11/2018, na que se resolve conceder de oficio unha prórroga do prazo de adxudicación ata o 30 de xuño de 2018 a todos os



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

investimentos pendentes de adxudicar incluídos na 1ª e 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## 2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

### 2.2.1.- SOLICITUDE DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO LIMPEZA DE FINCA EN LOBOMORTO

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro telemático do concello o presidente da Asociación de veciños de Arceo, con rexistro de entrada número 20189000000431 en data 26/10/2018, no que expón que no lugar de Lobomorto a finca con referencia catastral 15010A50700389 ten moita maleza, que ao encontrarse moi preto das vivendas aumenta o risco de incendios, SOLICITA:

<<Que dende o concello, se solicite ao propietario da finca, a súa conservación e limpeza, ou no caso de non localizar este, o propio Concello actue de oficio.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar as consultas oportunas para saber a quen requerir a limpeza de dita finca.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado.

### 2.2.2.- SOLICITUDE DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO LIMPEZA FINCA ANEXA A ESCOLA

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro telemático do concello o presidente da Asociación de veciños de Arceo, con rexistro de entrada número 20189000000433 en data 26/10/2018, no que expón que a finca anexa o local da escola, zona recreativa e pista deportiva, estase a cubrir de fieitos e maleza novamente, SOLICITA:

<<A limpeza da mesma.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

**PRIMEIRO.-** Comunicarlle que se procederá á limpeza do seu entorno.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado.

### 2.2.3.- SOLICITUDE DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO REPOSICIÓN TAPA ARQUETA SANEAMENTO

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro telemático do concello o presidente da Asociación de veciños de Arceo, con rexistro de entrada número 20189000000432 en data 26/10/2018, no que expón que no camiño que leva ao núcleo de Lobomorto, encontrase unha arqueta de saneamento sen tapa, polo que supón un risco importante de posible caída de peóns ou accidente de vehículos, SOLICITA:

<<Repoñer o antes posible dita tapa, co fin de evitar posibles danos.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**PRIMEIRO.-** Informar que está pedida a tapa da arqueta.

**SEGUNDO.-** Notificar o acordo ao interesado.

### **2.2.4.- SOLICITUDE DE DONA NURIA CRISTINA VÁZQUEZ FREIRE SOLICITANDO REPARACIÓN FIRME DA ANTIGA ESTRADA ARZÚA-CORREDOIRAS NO LUGAR DE VIEITE (BOIMORTO)**

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro xeral do concello Dna. Nuria Cristina Vázquez Freire, con rexistro de entrada número 2540 en data 29/10/2018, no que expón que é propietaria, xunto cos demais membros da Comunidade de Herdeiros da vivenda sita no lugar de Vieite nº 1, que por diante desta discorre a antiga estrada de Arzúa-Corredoiras e o firme está plagado de baches, SOLICITA:

<<Que co fin de evitar posibles accidentes, tanto de peatóns como de automóbiles, procedan a reparar o firme do tramo da antiga estrada Arzúa-Corredoiras que discorre polo lugar de Vieite.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

**PRIMEIRO.-** Comunicarlle que se remitirá á Xunta por ser a titular da estrada.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á interesada.

### **2.2.5.- SOLICITUDE DE DONA NURIA CRISTINA VÁZQUEZ FREIRE SOLICITANDO A PODA DE ÁRBORES NO LUGAR DE VIEITE (BOIMORTO)**

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro xeral do concello Dna. Nuria Cristina Vázquez Freire, con rexistro de entrada número 2541 en data 29/10/2018, no que expón que é propietaria, xunto cos demais membros da Comunidade de Herdeiros da vivenda sita no lugar de Vieite nº 1, que en fronte desta se sitúa a "Carballeira de Vieite"; formada por árbores que levan moitos anos sen podar, que supoñen un perigo, SOLICITA:

<Que co fin de evitar posibles accidentes, tanto de peatóns que circulan por dita vía, como da vivenda situada inmediatamente enfrente, inste aos propietarios da "Carballeira de Vieite"; a podar as árbores que forman a mesma ou incluso a retirar os que non cumpran a normativa vixente de distancia a vivendas, antes de que comence a temporada invernal.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar ao técnico informe se é competencia municipal ou non para ordenar o cumprimento da normativa en materia de incendios.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á interesada.

### **3.- SOLICITUDE BAIXA NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO DO INMOBLE SITO NO LUGAR DE VILA Nº 8 (RODIEIROS)**

Vista a solicitude presentada por D. Manuel Sánchez Lorenzo, con rexistro de entrada numero 2685 de 21/11/2018. solicitando a baixa do servizo de recollida de lixo a nome de seu pai Ramón Sánchez Freire (xa falecido) correspondente ao inmovible sito en Vila nº 8 parroquia de Rodieiros. Considerando que non é usuario do servizo de augas que se atopa dado de baixa o subministro eléctrico e que persoado o técnico municipal en data 31/10/2018 na citada vivenda non reúne as condicións mínimas de habitabilidade tal como acredita no seu informe de data 12/11/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**PRIMEIRO.-** Dar de baixa o recibo a nome de Ramón Sánchez Freire polos motivos indicados nos considerandos deste acordo.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo a Manuel Sánchez Lorenzo e proceder coa baixa do citado recibo na elaboración do padrón fiscal do cuarto trimestre de 2018 do servizo de recollida de lixo.

### 4.- SOLICITUDE BAIXA NO SUBMINISTRO DE AUGA EN CURRÁS Nº 9 (CARDEIRO)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 2728, con data 23/11/2018 presentada por D. José Ignacio Portos Vázquez con DNI 78782264L, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Piñeiro nº 33, Cardeiro, 15818 Boimorto, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador correspondente ao inmovible sito no lugar de Currás, 9 (Cardeiro), deste termo municipal que figura a nome de Manuel Rico García.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de subministro de auga.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Dar de baixa o recibo e contador de auga número 96249693 que figura a nome de D. Manuel Rico García, correspondente ao inmovible sito no lugar de Currás nº 9 da parroquia de Cardeiro, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2018.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Currás nº 9, parroquia de Cardeiro, deste termo municipal.

### 5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE CERRAMENTO DA PARCELA NÚMERO 144 DE BRATES

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de novembro de 2018 (RE núm. 2599) coas seguintes características:

#### Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Dna. María luisa Aguión Andrade
DNI:	78788907S
Domicilio:	Lg. Nogaredo núm. 16 – Brates – 15817 Boimorto

#### Datos de obra:

Obxecto:	Cerramento lindeiro surleste da finca, cunha lonxitude de 50 m a base de tubaxes e malla metálica.
Situación	Lg. Nogaredo - Brates
Referencia catastral:	15010A502001440000JM
Orzamento de execución:	530,51 euros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.
Autorizacións sectoriais:	Non precisa.
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de data 15 de novembro de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**O cerramento separarase 5,0 m do eixo da vía e a súa altura non superará dos 2,0 m.**

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segund informe técnico: 790,00 €uros

Liquidación 2%: 15,80 €uros.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. María Luisa Aguión Andrade indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## 6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE CIERRE FRONTAL DE FINCA EN ROMELAS (MERCURIN)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 15 de outubro de 2018 (RE núm. 2.418) e plano de cesión de viais presentado en data 5 de novembro 2018 (RE núm. 2.597) coas seguintes características:

### Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Julio Raposo Sánchez
DNI:	76323616W
Domicilio:	Lg. Romelas – Mercurín – 15817 Boimorto

### Datos de obra:

Obxecto:	Cerramento do fronte da finca con referencia catastral 15010A502034640001KH, cunha lonxitude de 31º,50 m de lonxitude, a base de cerramento opaco de 0,40 m de altura a base de bloque de formigón liso de cor branco, sobre o que se colocará unha fila de cubremuros de 3,5 cm, e sobre ela malla diáfana de 1,20 m, alcanzando unha altura total de 1,635 m.
Nome do técnico redactor da	Daniel Ramos Agra



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

memoria técnica:	
Situación:	Lg. Romelas - Mercurín
Referencia catastral:	15010A502034640001KH
Orzamento de execución:	4.302,50 €uros
Calificación urbanística:	Sollo de núcleo rural, coa ordenanza de orixinario disperso.
Autorización sectoriais:	Non é preciso.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López, de data 15 de novembro de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 4.302,50 €uros

Liquidación 2%: 86,05 €uros.

**CUARTO.-** Poderá elevarse a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 30,0 m2, tal como consta no plano 6 ou inscribirse directamente a acta de cesión de viais no Rexistro da Propiedade por este Concello.

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo a D. Julio Raposo Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## 7.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRA MENORES PAVIMENTACIÓN A BASE DE FORMIGÓN EN FRENTE AO NEGOCIO BAR VILANOVA EN BOIMORTO

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 16 de novembro de 2018 (RE núm. 2666) coas seguintes características:

### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María García Liñeira
CIF:	76517938C
Domicilio:	Rúa Estrada de Arzúa núm. 11 - Boimorto - 15817 Boimorto





# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## Datos da obra:

Obxecto:	Construcion dunha soleira de formigón de 150 m2, na parte exterior do café-Bar Vilanova.
Situación:	Rúa Estrada de Arzúa núm. 11 - Boimorto
Referencia catastral:	1321404NH7612S0001WF
Orzamento de execución:	1.860,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 16/10/2018 autorizando as obras (exp. Nº 2018/0910)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López, de data 26 de novembro de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUGA e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**Darase cumprimento á resolución do 16/10/2018 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.- Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 3.364,50 €uros

Liquidación 2%: 67,29 €uros

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. María García Liñeira indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## **8.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DE GALPÓNS EXISTENTES, PINTURA DE PARAMENTOS EXTERIORES EN VIVENDA EXISTENTE EN PEIZÁS Nº 6 (ARCEO)**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 10 de setembro de 2018 (RE núm. 2095) coas seguintes características:

### Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	José Antonio García Tojo
DNI:	76503503Y
Domicilio:	Lg. Peizás nº 6 – Arceo - Boimorto



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### Datos de obra:

Obxecto:	Vivenda: Pintado das fachadas lateral esquerda e posterior, recercados de cemento das ventás da fachada principal así como os beirados, todos eles en cor branco. Superficie 46 m2. - Anexo a vivenda: Substitución das dúas portas existentes por outras de madeira, de 1,20 x 1,80 m. - Galpón 1: Substitución de prancha de fibrocemento e colocación de tella (35,50 m2) sobre estrutura existente de viguetas pretensadas . Retirada da chapa da fachada principal por un entablillado de madeira. Enfusado de paredes de bloque (44,0 m2). - Galpón 2: Acondicionamento exterior a base de retirada de pranchas de fibrocemento (80 m2), colocación de nova prancha de fibrocemento e tella cerámica curva (80 m2), enfusado de paredes exteriores de bloque (80 m2) e panelado de madeira en zona aberta (25 m2). - Cerramento lateral da finca: enfusado de muro de bloque existente, 15 m2.
Nome do técnico redactor da memoria:	Dña Rosa María Facal Varela, arquitecta, colexiada nº 3.436.
Situación:	Lg. Peizás nº 6 - Arceo
Referencias catastrais:	000100600NH66B0001FI000800500NH66F0001JZ, 000800700NH66F0001SZ e 15010A507005510000JS
Orzamento de execución:	5.000,00 €uros
Calificación urbanística:	solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 24 de setembro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal no sentido de que os paramentos enfusados do galpón e cerramento da finca deberán rematarse con pintura en cor branco ou similar e, en relación ás obras de retirada das pranchas de fibrocemento existentes, estarase ao disposto no Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 5.000,00 €uros

Liquidación 2%: 100,00 €uros.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Antonio García Tojo indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### **9.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA DA VIVENDA SITA NO LUGAR DE BOAVISTA Nº 15 (DORMEÁ)**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en ata 24 de outubro de 2018 (RE núm. 2.493) coas seguintes características:

#### Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	José Luis Santiso Casal
DNI:	76500177S
Domicilio:	Lg. Boavista nº 15 – Dormeá – 15816 Boimorto

#### Datos de obra:

Obxecto:	Reparación do tellado dunha vivenda, cunha superficie de 150 m2, mediante a retirada da cuberta de tella vella e a súa substitución por outra a base de fibrocemento e tella
Situación:	Lg. Boavista nº 15 - Dormeá
Referencia catastral:	15010A508001730001KK
Orzamento de execución:	5.800,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario denso, estando na zona de afección da estrada AC-840
Autorización sectoriais:	Escrito do servizo provincial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 01/10/2018 informando que as actuacións solicitadas localízanse fóra da zona de dominio público da estrada.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 8 de novembro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra segundo informe técnico: 7.947,00 €uros

Liquidación 2%: 158,94 €uros.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Luís Santiso Casal indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### 10.- LICENZA DE EDIFICACIÓN CONSTRUCCIÓN GALPÓN DE USO AGRÍCOLA EN NOGAREDO Nº 16 (BRATES)

Visto o expediente de solicitude urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. Jesús Javier Reboredo Mosquera con DNI 79312355Y, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa Fonte Estrei nº 16, 15680 Ordes (A Coruña) actuando en representación de Dna. María Luisa Aguión Andrade, en virtude da instancia con rexistro de entrada no concello na oficina telemática co número 20189990000022 en data 23/07/2018 para realizar as obras de construción dun galpón no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates (Referencia catastral: 15010A502001440000JM) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Jesús Reboredo Mosquera, colexiado 1.296. A parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo. Dita parcela é resultado dunha segregación que conta con licenza (LO23/2013) concedida pola Xunta de Goberno Local en data 27/06/2013, e presenta unha superficie neta de 1.955 m2, descontada a cesión para regularización do viario que se realizou no mesmo expediente.

Con data 27/08/2018, os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 28/09/2018, número de rexistro de entrada 201899900000030 D. Jesús Javier Reboredo Mosquera en representación de Dna. María Luisa Aguión Andrade, presenta documentación complementaria, en contestación ao informe dos servizos técnicos municipais.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López emitido en data 18 de outubro de 2018.

Visto o informe de Secretaría municipal de data 29/11/2018.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de edificación a D. Jesús Javier Reboredo Mosquera en representación de Dna. María Luisa Aguión Andrade para executar as obras de construción dun galpón no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outórgase a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- As obras a realizar consisten en:

- Construción dun galpón de 80,02 m<sup>2</sup> (10,0 x 8,9 m) para almacenamento de produtos agrícolas, coas seguintes características:

- Cimentación, estrutura de piares de formigón armado, soleira de formigón, paramentos verticais de peche de fábrica de bloque coloreado modelo Split, estrutura de cuberta a dúas augas composta por viguetas de formigón pretensado onde apoian os paneis de chapa tipo sandwich con terminación cor tella.

- Altura de cornixa 3,0 m e de cumio 4,0 m.

- Non conta con instalación de fontanería, saneamento e electricidade.

